



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

Admisión definitiva aspirantes proceso de Formación e funcionamento dunha Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Peón, nomeamento Tribunal e data das probas

Por Resolución desta Alcaldía nº 175/2025 de data 2 de xuño de 2025 aprobouse a Listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para tomar parte no proceso de Formación e funcionamento dunha Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Peón, o nomeamento do Tribunal seleccionador e a data das probas

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 2 de xuño de 2025. O ALCALDE en funcións: Alberto Cortizas Rejo

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADMISIÓN DEFINITIVA DE CANDIDATOS BOLSA PEÓN, NOMEAMENTO TRIBUNAL E DATA DAS PROBAS
EXPEDIENTE: 2025/G003/000178

ANTECEDENTES:

Logo de ver a convocatoria e as bases reguladoras para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Peón aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello en data 2 de abril de 2025 e publicadas no BOP nº 70 do 11 de abril de 2025 e no Taboleiro de Anuncios electrónico municipal, en data 14/04/2025.

Logo de ver a Resolución desta Alcaldía nº 170/2025, de data 28 de maio de 2025, pola que se aprobou a Listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no citado proceso de selección e rematado o prazo de presentación de reclamacións, alegacións, emendas de deficiencias ou erros para tomar parte no citado proceso de selección, sen presentarse ningunha, e logo de ver os informes e resto de documentación que constan no expediente 2025/E001/000003, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aproba-la seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para participar no proceso:

A) ADMITIDOS/AS:

- 1.- GARCÍA GARCÍA, JOSÉ LUIS
- 2.- PERMUY SABÍN, MARIA DEL CARMEN
- 3.- CORTIZAS DÍAZ, JOSÉ MANUEL
- 4.- VARELA VARELA, MANUEL DANIEL
- 5.- TOJEIRO COUTO, CONSTANTINO

B) EXCLUÍDOS/AS: **NINGUÉN**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Designar como membros do Tribunal segundo as bases da convocatoria ás seguintes persoas:

Presidente: D.^a Ruth Álvarez Grande. Persoal Laboral fixo do Concello de Monfero
Vogal 1: D.^a María Sanmartín Varela. Funcionaria do Concello de Monfero
Vogal 2: D. José Amando Pena Vila Funcionario do Concello de Monfero
Vogal 3: D.^a María Vanessa Bouza Martínez. Funcionaria do Concello de Monfero
Secretario: D. Baldomero Beceiro Alonso. Secretario Interventor do Concello de Monfero

Suplente de Presidente: D.^a Olga Anca Varela
Suplente de vogais: D.^a Rosa Novoa Paseiro
Suplente de Secretario: D.^a María Sanmartín Varela

TERCEIRO.- Convocar aos membros do Tribunal ás 10:00 horas do día 6 de xuño de 2025, venres, na Casa Consistorial, para a valoración dos méritos alegados polos aspirantes e preparación da proba.

Unha vez realizada a valoración publicarase un anuncio co resultado da mesma no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal.

CUARTO.- Convocar aos membros do Tribunal e aos/ás aspirantes admitidos/as para a celebración da primeira proba, ás 11:00 horas do mesmo día 6 de xuño de 2025, na Casa Consistorial.

Unha vez realizada a proba, publicaranse as respostas no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Monfero, e, no mesmo momento se publicará a cualificación da proba, concedéndose un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións contra a valoración dos méritos, as preguntas ou contra as cualificacións, que, de ser o caso, serán resoltas polo órgano de selección no prazo mais breve posible.

QUINTO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero, (aloxado na sede electrónica <https://sede.monfero.es> e na súa páxina web (concellodemonfero.com), o que servirá de convocatoria aos aspirantes, que deberán presentarse á realización da proba provistos de DNI ou documento que acredite fidedignamente a súa personalidade.

SEXTO.- Notificar esta resolución aos membros titulares do Tribunal, que terán o expediente á súa disposición na Secretaría do Concello

Monfero, 2 de xuño de 2025
O Alcalde en funcións,
Alberto Cortizas Rejo